

PALMARÉS

1.-FICCIÓN. Un premio de 3.000 € máis trofeo para a mellor curtametraxe de ficción.

GAÑADORA: **RETRUC**, de Francesc Talavera (23', España). Unha curtametraxe na que Belén Rueda, David Pinilla, Roger Pera, Saturnino García e Paco Algora foron os protagonistas. Unha noite de treboada, unha estraña chamada salva a Elsa da colisión contra un camión sen condutor que queda envorcado na estrada.

FINALISTAS: *Mola ser malo* (España), de Alám Raja e *Alright love* (Alemaña), de Samuli Valkama

2.-ANIMACIÓN. Un premio de 3.000 € máis trofeo para a mellor curtametraxe de animación.

GAÑADORA: **TADEO JONES**, de Enrique Gato (8' España). Testán e entrañable ó mesmo tempo, Tadeo é un peculiar aventureiro que se mete nunha pirámide e coñece unha familia de momias.

FINALISTAS: *Undersen*, (España-Galicia) de Alberto del Río, Armando Numa, Juan González e Clara Ponte e *King of fools*, de Olaf Encke (Alemaña).

3.-VIDEOCREACIÓN. Un premio de 3.000 € máis trofeo para a mellor curtametraxe de videocreación.

GAÑADORA: **OUT OF NOWHERE**, de Diego Santomé (1'42", España-Galicia). Na peza, o personaxe tenta saír dun fotograma e non o logra.

FINALISTAS: *K*, de Ander Olazábal (España) e *6 or 7 wot is its* (Reino Unido), de Yolanda de los Bueis.

4.-PREMIO DO PÚBLICO DE CURTOCIRCUÍTO NA RÚA. Un premio do público de 1.500 € máis trofeo para a mellor curtametraxe máis votada das exhibidas en CurtoCircuíto na rúa.

GAÑADORA: **BINTA Y LA GRAN IDEA**, de Javier Fesser (España).

5.-PREMIO BURBULLAS. Un Premio Burbullas (premio especial do xurado) de 1.500 € máis trofeo para a obra audiovisual máis impresionante.

GAÑADORA: **ALRIGHT LOVE**, de Samuli Valkama (13'46", Alemaña). Un mozo coñece unha moza no metro de Berlín. O mozo decide ir por ela pero non aparece. Entón a cidade de Berlín comeza a amosarlle sinais de cara a onde debe ir.

6.-PREMIO PROXECTO COMPOSTELA PLATÓ: Un Premio Compostela Plató ó mellor guión, consistente na rodaxe da curta por valor de 30.000 € e consistente tamén na estrea dese filme na Gala de Entrega de Premios de CurtoCircuíto 2005.

GAÑADORA: **TE QUIERO MAL**, de Mireia Giró Costa. A curta estréase na Gala.

7.- PREMIO AVID. NON TE CURTES. Un premio que outorga a empresa AVID, consistente nun software AVID valorado en 1800 €, á mellor curta montada no Obradoiro AVID/HP. Non te curtes.

GAÑADORA: **A BONECA GRAVADA**, de Pedro Sardiña.

8.- PREMIO KODAK. Un premio KODAK para a mellor curtametraxe española rodada en 35 mm. O premio consiste na película virxe para a rodaxe do seguinte filme do gañador.

GAÑADORA: **RETRUC**, de Francesc Talavera (23', España). Unha curtametraxe protagonizada por Belén Rueda, David Pinilla, Roger Pera, Saturnino García e Paco Algora. Unha noite de treboada, unha estraña chamada salva a Elsa da colisión contra un camión sen condutor que queda envorcado na estrada.

XURADOS

Xurado de ficción e animación: estivo presidido polo catedrático de cine da Universidade de Santiago de Compostela, Ángel Luis Hueso; o experto en cine Manuel González, o produtor Julio Casal; a actriz Isabel Blanco e o coordinador da Santiago de Compostela Film Commission e de CurtoCircuíto 2005, Antonio Mugico.

Xurado de videocreación: integrado por Susana Blas, redactora do programa *Metrópole* de TVE2; Xosé Manuel Lens, crítico de arte de *Tempos novos*; Monique Lambie, coordinadora de proxectos internacionais do CGAC e Xoán Anleo, artista e profesor da Facultade de Belas Artes de Pontevedra.

Xurado do concurso de guións Proxecto Compostela Plató, que se reuniu en xuño: estivo formado por Rosa Aneiros, escritora; Julio Casal, produtor executivo de Ficción Producciones; Xosé Castro "Pato", guionista; Moncho Lemos, crítico de cine; e Alex Sampayo, director de cine.